

Curso: Ferramentas Básicas de Xestión Cooperativa

No marco do **PROGRAMA CONSOLIDA+** Consolidando o Tecido Cooperativo
En colaboración coa: Rede Eusumo e o Programa de Emprego, formación, educación e economía social -EFESO- do FSE+

Datas: do 20 de xaneiro ao 30 de setembro de 2026. **Número de cursos:** 1 curso
Duración: 20 horas **Formato:** Teleformación. En liña. Modalidade autoformación
Lugar de celebración: A través da Aula Virtual de EspazoCoop: <http://www.aulaespazocoop.com>
Inscripción: [preme aquí](#) **Máis información:** Patane García Méndez - 881 887 456 - patane@espazo.coop

Obxectivos

- Acompañar ás persoas socias, órganos directivos e consellos reitores para que podan asumir con garantías o seu papel de goberno e xestión, cun traballo autoavaliativo de identificación de eivas, melloras e potencialidades para consolidar a cooperativa.
- Facilitar ferramentas específicas de xestión, repositorios, bases de datos, de autodiagnose e planificación e tamén boas prácticas que podan contribuir a unha óptima maduración dos proxectos en cooperativa e consolidación das cooperativas activas.

Programa e contidos

O programa Consolida + Consolidando o tecido cooperativo consta de diversas liñas de actividade: acompañamento, formación, webinars e xornada presencial. O curso de formación estará aberto ás persoas socias das cooperativas participante no programa.

CURSO | FERRAMENTAS BÁSICAS DE XESTIÓN

20 horas | do 20 de xaneiro ao 30 de setembro de 2026 | Autoformación

MÓDULO 1 | DIRIXIR PARA MEDRAR

Presentación
Xestión para medrar
Ferramentas para a diagnose e a planificación

MÓDULO 2 | AS PERSOAS E A ORGANIZACIÓN SOCIETARIA

Como se traballa nunha cooperativa
Habilidades Sociais
Organización societaria

MÓDULO 3 | ÁREA COMERCIAL

Plan de reactivación comercial

MÓDULO 4 | ÁREA ECONÓMICA – FINANCEIRA

Área económico financeira

Metodoloxía

Modalidade: Autoformación. A través da plataforma www.aulaespazocoop.com

O persoal técnico do Programa recomendará a realización do curso. As persoas participantes terán acceso ao curso na plataforma onde poderán acceder aos materiais teóricos e recursos e ferramentas postos ao dispor. Contarán cun servizo de tutoría para a resolución de dúbidas e consultas. O curso estará aberto e dispoñible na plataforma mentres se desenvolva o programa.

Dirixido a

Persoas socias da cooperativas participantes no programa.

Formulario de inscrición

Para realizar a inscrición aos cursos do programa [preme aquí](#)

Impulsado e promovido por

Unión de Cooperativas Galegas EspazoCoop | www.espazo.coop

Financiado por

Programación 2025-2026 da **Rede Eusumo**, que é unha rede de colaboración impulsada pola **Xunta de Galicia**, dende a Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Tráballo Autónomo e Economía Social para o fomento do cooperativismo e a economía social.

Programa de Emprego, Formación, Educación e Economía Social, **EFESO**, cofinanciado polo **Fondo Social Europeo Plus** para o período 2021-2027, a través do organismo intermedio CEPES.

